

## 6 SOMBREIROS DE PENSAR

“6 Sombrieros de pensar” é unha técnica para resolver e analizar problemas en equipo desenvolta por Edward de Bono, e que se basea en ir abordando unha situación dende diferentes perspectivas ou formas de pensar (cada unha delas representada por un sombreiro) e facelo todas as persoas do equipo á vez.

Isto último é a clave desta ferramenta, ao pensar en paralelo aumentamos a sinerxia do grupo.

### Sombreiro Blanco:

Blanco suxire papel. Este sombreiro significa información. Cando o empregamos suxire papel, este papel significa información. Cando empregamos o sombreiro branco, facemos as seguintes preguntas: que información temos? Que información precisamos? Que pregunta deberíamos estar facendo? O sombreiro branco emprégase para chamar a atención sobre a información da que dispoñemos, e a que nos fai falla. Centrándonos nos feitos comprobados, non en rumores ou suposicións

### Sombreiro Vermello

O vermello suxire a calor e o lume. O sombreiro vermello ten que ver con sentimentos, intuicións, e emocións. Pode que non saibas porque che gusta ou non che gusta algunha cousa. Cando se emprega o sombreiro vermello está a oportunidade de expresar sentimentos e intuicións sen dar ningunha explicación. Os sentimentos existen e o sombreiro vermello permite coñecerlos e visibilizalos

### Sombreiro negro

O sombreiro negro é certamente o que se emprega decote. O negro lémbra-nos as vestimentas dos xuíces. O sombreiro negro implica precaución, impídenos facer cousas que podan ser dañinas. O sombreiro negro sinala os riscos, e as causas polas que algo pode non funcionar. Sen o sombreiro negro estaríamos en problemas todo o tempo. Pola contra, non debe empregarse este sombreiro demasiado porque pode ser perigoso.

### Sombreiro Amarelo

O amarelo suxire sol brillante e optimismo. Empregando o sombreiro amarelo facemos un esforzo por atopar o valioso e beneficioso dunha suxerencia. Que hai de bo nisto??

Aínda se a idea non nos agrada, o sombreiro amarelo pídenos atopar os puntos positivos. Cales son os beneficios? Quen se beneficiará? Como se farán efectivos os beneficios? Cales son os seus diferentes valores?

## Sombreiro Verde

A cor verde suxire vexetación, a cal podemos relacionala con enerxía e vida. O sombreiro verde é o sombreiro da enerxía. Empregando o sombreiro verde fanse propostas e suxerencias e se propoñen novas ideas e novas alternativas. Empregando este sombreiro, podes suxerir variacións e modificacións das ideas propostas. O sombreiro verde permite expresar posibilidades. Cando o sombreiro verde está en uso, todos fan un esforzo por ser creativos e creativas.

## Sombreiro Azul

O sombreiro azul é para mirar o proceso de pensamento en sí. Cal é a seguinte acción? Que logramos ate o de agora? Empregamos o sombreiro azul ao principio dunha discusión para definir que estamos pensando e para decidir que queremos ao final do noso proceso de pensamento. O sombreiro azul pode ser empregado para organizar a secuencia de uso dos sombreiros que implementaremos, así como para resumir o que se ten conseguido

## Secuencias de uso:

Non hai ningunha secuencia preestablecida sobre a orde dos sombreiros, senón que dependerá dos nosos obxectivos, o tema a tratar, etc

Por exemplo, se imos a tratar un tema con moitas connotacións emocionais, comezaremos polo sombreiro vermello, se non, podemos comezar polo branco, e ver de que información dispoñemos.

Polo xeral, cómpre empregar o amarelo, antes que o negro, xa que adoitamos ter tendencia en focalizarnos máis nas dificultades , e empregamos ambos despois do verde para así poder filtrar as mellores ideas.

## Bibliografía:

- 6 Sombreros para pensar, Edward de Bono, Ediciones Granica S.A., 2006
- El Pensamiento Lateral: Manual de creatividad, Edward de Bono, Ed. Páidos